

COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, TERMALISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de abril de 2026**

Ás 18.00 horas do día 22 de abril de 2026, reúnese a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Francisco Lorenzo López

Deputado non adscrito:

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 18 DE MARZO DE 2026 (EXP. N° 2026/23Q/CI).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de marzo de 2026.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do día 18 de marzo de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A MODIFICACIÓN DA LEI 8/2019, DO 23 DE DECEMBRO, DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA (EXP. Nº 2026/6143S).-

D. Antonio Fernández Martín, de Democracia Ourenseana, expón o contido da seguinte moción:

“É un feito indiscutible que a Lei 8/2019, do 23 de decembro, lonxe de promocionar a nosa riqueza natural termal, actuou como un freo burocrático e unha ferramenta de asfixia para o termalismo de Ourense. A actual normativa impón unhas esixencias técnicas e sanitarias desproporcionadas, deseñadas baixo unha óptica administrativa que ignora a realidade física e social das nosas pozas e espazos tradicionais.

*Non podemos permitir que unha lei redactada de costas a Ourense siga obrigando ao peche de instalacións ou a investimentos inasumibles para os concellos. A provincia non pide permiso para usar a súa auga; **esixe unha regulación que respecte a súa identidade.** É imperativo que a Xunta de Galicia deixe de tratar os espazos de ocio como hospitais e permita que o termalismo volva a ser un motor vivo e non un sector paralizado pola hiperregulación.*

Por todo o exposto solicitamos:

1º. ESIXIR á Xunta de Galicia a modificación inmediata da Lei 8/2019 para suprimir todos aqueles requisitos técnicos que asimilan inxustamente o aproveitamento lúdico co balneario terapéutico, eliminando as trabas que hoxe impiden a apertura e xestión áxil dos nosos espazos.

2º. ESTABLECER entre todos os grupos políticos da Deputación os cambios necesarios na Lei para que as normas de uso sexan fáciles de cumprir, manteñan a salubridade e hixiene e non xeren un gasto excesivo ás administracións.

3º. ESIXIR que calquera cambio normativo sexa consensuado de forma vinculante con esta Deputación e os concellos ourensáns, garantindo que non se aprobe nin un só artigo máis que prexudique os intereses da “Capital Termal”.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, sinala que a esta moción podía engadírselle un último punto que dixese “e que razón tiña o BNG”, xa que as peticións que se fan son precisamente as que defendeu o grupo do BNG na tramitación parlamentaria deste lei. Remata indicando que en todo valorarán facer emendas que melloren a moción.

D. Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, manifesta a reserva de voto do seu grupo de cara ao Pleno.

D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Popular, indica que a Lei aprobada polo Parlamento de Galicia no ano 2019, Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, era imprescindible polo baleiro legal existente ata esa data. Sorprende que agora Democracia Ourensana indique que o termalismo é un sector vivo e importante para a nosa provincia ou que manifeste que existen trabas que impiden abrir infraestruturas municipais.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3), do BNG (2) e do deputado non adscrito (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. ESIXIR á Xunta de Galicia a modificación inmediata da Lei 8/2019 para suprimir todos aqueles requisitos técnicos que asimilan inxustamente o aproveitamento lúdico co balneario terapéutico, eliminando as trabas que hoxe impiden a apertura e xestión áxil dos nosos espazos.

2º. ESTABLECER entre todos os grupos políticos da Deputación os cambios necesarios na Lei para que as normas de uso sexan fáciles de cumprir, manteñan a salubridade e hixiene e non xeren un gasto excesivo ás administracións.

3º. ESIXIR que calquera cambio normativo sexa consensuado de forma vinculante con esta Deputación e os concellos ourensáns, garantindo que non se aprobe nin un só artigo máis que prexudique os intereses da “Capital Termal”

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.



DEPUTACIÓN
OURENSE

E, ás 18.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.